

E SE VAS PARA SANTIAGO?

-Ai mamá pois non che sei, ¿qué pinto eu alí? Xa sabes que a min moita xente xunta pois a verdade é que non me gusta moito, que me sinto atrapada. Vale que si que quero seguir estudando e un ciclo... pois non o vexo moito pero mira que ir á universidade é un paso moi grande... e hai que marchar de casa, e buscar alí donde vivir, e logo se me adapto ou non me adapto, se atopo xente coa que estar, porque mira que alí seguro que son todos moi “señoritos”

-Xa, xa sei que estudou a filla da Lola, e que si que atopou amigos. Estivérame hai un tempo a contar que se alí todo o mundo era moi simpático, moi alegre, que había moi bo ambiente, que se os sitio era moi bonito, que o que estudaba era o que ela quería dende había tempo, que se as instalacións da universidade, da residencia... pintoumo bastante ben sí, pero aínda así claro, pensa que ela estudou na cidade con moitos máis críos ca min e igual por iso tamén lle foi máis fácil o cambio...pero tampouco nos fagamos ilusións que seguro que o final non poden ir.

-Non muller, polas notas non, xa sabes que nota teño dabondo para o que eu quero, digoo polos cartos, por papá, pola Susana que tampouco quero que quede soa así enfermiña como está a pobre, e aquí fan moita falla os cartos como para que eu marche por ahí e teñamos que pagar a universidade, a matrícula quero decir, a residencia, a comida... non sei mamá alí todo son gastos...e logo está papá que seguro que se lle digo que quero marchar pon o grito no ceo, coñecendo aínda me manda pero dunha patada, non?

-Ai xa, iso xa mo dixeches moitas veces, pero mamá non me enganes que xa son maior, que xa sei o que hai aquí. Papá e ti traballades moito e xa sei que como vós dicides traballades para nós, pero eu non vou marchar só un ano que unha carreira son moitos máis, e logo está a Susana que se sana cando medre tamén ten dereito non? Ela tamén ten que poder ir á univesidade e se marchou eu logo dentro duns anos tamén ten que marchar ela e a ver como estades logo de cartos...

-Niso tes razón, que as bolsas están para xente como nós

-Tamén, tamén poden buscar un traballo dunhas horiñas, así págome eu os meus caprichos. Non sei... ogallá fose todo máis doado, que fose marchar e listo, e que vou extrañar á Susana...Aínde que podía vir de cando en vez non? Aínda que non fosen tódolos fins de semana... non sei que facer, nin que pensar, tampouco me quero facer moitas ilusións por papá e as súas teimas...

-Ti cres? Si, si que é o meu soño pero aínda así non creo que lle faga moita gracia, non sei. Ti imaxinas? Espertar pola mañá, almorzar moi tranquilamente e atopar ós compañeiros da residencia, logo marchar ás clases, e estudar so o que me gusta, e logo ir dar unha volta pola tarde e o

día seguinte podo faltar a clase porque non chaman á casa...

-É broma, é broma, que vou ir a clase tódolos días, que te pensas? Non vou andar a pensalo tanto para logo faltar a clase, non si?

-Claro que teño razón, coma sempre, ou aínda tiñas dúbidas? Ai! Mamá escoita é a Susana, non lle pasaría algo? Vai ver anda! Tiña algo??

-Ai menos mal, que susto! Pois iso ti como o ves? Eu parece que xa estou máis segura, porque se a filla da Lola non tivo problemas non vou ter eu non? Que me van facer ali? Serei de pobo pero parviña aínda non son non? Malo será que coa de amigos que teño aquí, alí sexan todos tan diferentes, non mama? Si é que co bonito que é aquilo por alí a xente non pode andar amargada, teñen que ir contentos, seguro que levan todos un sorriso por Santiago adiante...

-Como que non sexa parviña? Mamá alí comezas a túa vida como quen di, eu sempre dixen que alí na universidade madura moito a xente, por iso de que vives so, xente nova, mestres novos con materias novas e un trato novo, sitio novo, todo novo. É como volver a empezar, de feito para quen non lle foi ven ata agora é o momento de cambiar non? O que non entendo eu é por que me dá tanto medo se teño tan claro que alí todo é marabilloso.

- Pode ser, non digo que non, así e todo é moi normal facelo non? Non sería a primeira en por escusas so por medo...pero mira que non son escusas, que todo o que dixen era verdade xa me gustaría a nosa realidade fosen invencions... non sei se quixese por unha escusa non sei diría que...

- Si!!! Xusto!! Ha, ha, ha... diría iso. Decidido marchar ó paraíso...ha, ha, ha...